



**INFORME** Segundo estima Exceltur, experimentouse neste ámbito un descenso de ata o 5,6% do seu PIB

# O SECTOR TURÍSTICO PERDEU CASE 6.400 MILLÓNS NO 2009

**OS INGRESOS DERIVADOS DA DEMANDA FORÁNEA SUFRIRON O ANO PASADO UN DESCENSO MAIOR, EN TORNO Ó 10,7%**

Efe • Madrid

O 2009 foi un exercicio “para esquecer”, cunha caída do 5,6 por cento do PIB turístico, o cal supón unha perda de 6.380 millóns de euros respecto ó 2008. Desta forma, por noveno ano consecutivo, o turismo non suma ó crecemento da economía española, que no seu conxunto pechou o exercicio cun retroceso do 3,7%, e tampouco o fará en 2010, segundo as estimacións da Alianza para a Excelencia Turística, Exceltur. Exceltur prevé un descenso do 0,9% na activida-

de do sector para finais deste ano fronte á contracción do 0,5% do conxunto da economía española que avanza os analistas. Os ingresos reais por turismo derivados da demanda estranxeira que reverten a España finalizaron o 2009 cunha caída do 10,7%, que Exceltur espera se modere ata un 4,9% negativo no 2010.

A iso apunta unha notable moderación dos ritmos de caída da demanda turística en España, tanto de turismo vacacional como de negocios, segundo indicou o vicepresidente executivo de Exceltur, José Luis Zoreda, que cre que “o peor xa pasou”, aínda que recoñece que o 2010 seguirá marcado pola complexidade. No 2009, o turismo sufriu os efectos da crise con máis intensidade que o conxunto da economía española e, con todo, as súas taxas de desemprego foron inferior-

res ás doutros sectores. Destruíronse só 51.000 postos de traballo.

A caída de resultados sufrida no 2009, que se suma á xa experimentada a partir do segundo semestre do ano anterior, é un reflexo da “existencia de problemas pendentes de competitividade estrutural que van máis aló dos efectos conxunturais da crise”, sinalou onte Zoreda. ●

## COMUNIDADES

### Galicia resistiu mellor a crise

Por comunidades, A Rioxa, Cantabria, Galicia, País Vasco e Navarra sufriron menos a crise pola resposta da demanda española, mentres que as grandes cidades como Madrid e Barcelona víronse máis afectadas.